

ACTA

Nº 68 Ano 2021.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, a través de videoconferencia. sendo as 10,10 horas do día 30 de setembro de 2021, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ascensión Labella Lozano	S.X. Presidencia	4.42.85
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Regorma	4.54.67
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.37

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Zeltia Burgos Tortosa	CIG	607-995-385
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732
Pablo Rama Remuiñan	CSIF	881-542-850

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Se aproba a proposta de acta presentada.

2º.- Avance dos datos de sinistralidade laboral no que vai de ano

O Servizo de Prevención informa dos datos contidos neste avance, que por primeira vez faise xa coa base informática facilitada por Ibermútua, polo que non existe comparanza cos datos dos avances de anos anteriores. Nesta información de sinistralidade no figuran os accidentes habidos no ámbito do Consorcio de Igualdade, agardando que poidan incluírse nun futuro próximo. CIG queixase de que a información facilítase en castelán e requírese que se faga en galego. A Administración comprométese a subsanar esta cuestión. CIG tamen pregunta polas continxencias ocasionadas polo COVID-19. A Administración resposta que nestes datos non figura información sobre esas continxencias, xa que inda que teñen un tratamento coma se

forán profesionais, están cualificadas e así rexístranse, coma comúns. CCOO chama a atención sobre o aumento dos accidentes no centro de traballo, por golpes, caídas... ou sexa no lugar en teoría con maiores medidas de seguridade estanos fallando, e menciona coma positiva a baixa de accidentes nas persoas de maior idade. CSIF solicita un desglose por centros de traballo. A Administración recordalle que este é un avance, nun formato diferente, no que figura máis información da que antes facilitábase.

3º.- Exposición novos criterios vulnerabilidade no COVID-19

O Servizo de Prevención expón as pequenas novidades que presenta esta actualización da guía para facer fronte o covid-19 no entorno laboral. CIG solicita de novo o reparto de máscaras FFP2 a todos os traballadores e traballadoras en centros de atención a persoas. A Administración responde que dá as máscaras conforme a medidas de protección existentes. UGT comenta que segundo o procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ó COVID, onde recollense as medidas de prevención, ven reflectido que "hai que implementar as medidas necesarias para minimizar o contacto entre as persoas traballadoras" e no (...) a SPIF enviase a facer vixilancia móbil a 6 persoas nun coche durante 8 horas. A Administración recorda que xa estamos en período de normalidade e coa meirande parte do persoal vacinado.

4.- Rogos e preguntas.

CIG pregunta que pasou cos requirimentos ós comités de seguridade e saúde que non fan convocatorias de reunión. A Administración responde que lembralles de novo esta obriga e informa de que o Comité de Seguridade de San Caetano convocarase o mes que ven.

CIG pregunta se este ano enviarase comunicacións as diferentes consellerías para que fagan propostas de cara a elaboración do plan de prevención de riscos laborais para o 2023, xa que no ano anterior non se fixo. A Administración manifesta que o pasado ano houbo unha situación extraordinaria motivada pola pandemia, pero que xa se retoma a normalidade e pediranse propostas de actuación as consellerías.

Levántase a sesión, sendo as 11., h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA